

BASES QUE REXEN A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA INICIA

Base primeira: Definición do Programa

A Concellaría de Innovación, Industria, Emprego e Consumo do Concello da Coruña, organiza unha nova edición do **Programa INICIA** no curso escolar **2019-2020**.

INICIA é un programa municipal que persegue a difusión e implantación do espírito emprendedor empresarial entre o alumnado de Ciclos de Formación Profesional e Ensinos Especiais radicados na nosa cidade que, previamente, manifesten o seu interese na participación de conformidade co establecido nas presentes bases. O programa proporciona apoio ao profesorado dos centros participantes, mediante a formación-tutorización do alumnado e ofrece premios incentivadores que priman ás mellores iniciativas emprendedoras que se desenvolvan co programa.

Para realizar a valoración dos proxectos presentados e seleccionar aos gañadores o Concello conta coa colaboración do IGAPE.

Base segunda: Obxectivos do programa INICIA

Os obxectivos do programa **INICIA** son os seguintes:

- Desenvolver as capacidades emprendedoras do alumnado dos centros de FP e Ensinos Especiais da Coruña
- Fomentar a difusión e implantación da cultura emprendedora en centros de FP e Ensinos Especiais da Coruña
- Favorecer e mellorar o desenvolvemento de valores educativos tales como: creatividade, traballo en equipo, solidariedade e autonomía
- Servir de instrumento de promoción de boas ideas empresariais, proxectos e persoas que os leven a cabo
- Impulsar e fomentar iniciativas empresariais de interese
- Apoiar aos/as docentes dos centros educativos na súa tarefa de formación
- Fomentar iniciativas emprendedoras que repercutan na economía do Concello da Coruña

Base terceira: Persoas destinatarias do programa

As persoas beneficiarias do Programa INICIA son o alumnado dos centros educativos colaboradores pertencentes aos ciclos de Formación Profesional e Ensinos Especiais (Educación superior) con sede na nosa cidade que elaboren un proxecto empresarial en equipo (**entre 2 e 4 membros**). Só con carácter excepcional, motivándoo e coa conformidade do persoal do Concello poderá presentarse de forma individual.

Podemos distinguir os/as seguintes destinatarios/as:

➤ **Centros educativos colaboradores**

Centros públicos que imparten ciclos formativos e os Centros de Ensinos Especiais, así como os privados cos que o Concello da Coruña subscribise un convenio de colaboración no que figure tal fin.



➤ Alumnado

Poderá participar no programa INICIA todo o alumnado dos centros educativos colaboradores (nas especialidades inscritas) que teña unha idea empresarial orixinal e innovadora, e queira desenvolver o seu proxecto de empresa.

➤ Profesorado colaborador

Profesorado que imparte, nos centros colaboradores, materias relacionadas co mundo empresarial e que se responsabilice do alumnado participante, ademais de servir de ligazón co persoal municipal responsable do programa.

Base cuarta: Participación no Programa

Para participar no programa cada centro educativo deberá cursar a solicitude de inscrición das especialidades que desexen, coas datas preferentes de cada módulo, a través da páxina web educativa no prazo establecido na dita páxina:

<http://www.coruna.gal/educacion/es/programas> (INICIA)

Solicitada a mesma, e cumpridos os requisitos esixidos para a súa inscrición, organizarase o calendario definitivo dos módulos previo acordo cos centros.

A participación no Programa implica a **obriga de recibir os 4 módulos e o compromiso do profesorado de presentar, a lo menos, o 30% dos proxectos titorizados** en cada unha das especialidades de cada Centro para a selección.

Todo o itinerario do Programa INICIA desenvólvese durante o curso escolar 2019-2020.

Base quinta: Desenvolvemento

Para alcanzar os obxectivos previstos e desenvolver o seu contido, o programa constará das seguintes fases a desenvolver desde o mes de outubro de 2019 ata marzo de 2020:

Fase I.- Formación do alumnado (outubro-febreiro):

Módulo 1: Presentación e motivación (outubro)

Módulo 2: Primeira titorización de proxectos (novembro)

Módulo 3: Segunda titorización de proxectos (xaneiro-febreiro)

Módulo 4: Taller de Presentación de proxectos (febreiro)

Fase II.- Presentación dos proxectos preseleccionados (primeira semana de marzo)

Fase III.- Celebración da Feira de Ideas e Premios “Formación para Emprender” (segunda quincena de marzo).

Todos os proxectos terán a posibilidade de realizar unha presentación (voluntaria), na data que se lles comunicará ao inicio do curso, no Centro Municipal de Empresas ACCEDE Papagaio para preparar a súa intervención en caso de resultar gañadores.

O alumnado interesado en participar na Feira de Ideas deberá presentar ao profesorado colaborador responsable de cada centro educativo un proxecto de empresa, cumprimentado na forma e segundo as directrices que se facilitarán nas sesións de formación. Con todo, o alumnado poderá incluír todos aqueles documentos, fotografías e datos que se consideren de interese ou relevantes para a mellor definición, comprensión e presentación do seu proxecto.



Desta primeira avaliación, e tendo en conta o compromiso mencionado na base cuarta de presentar a lo menos un 40% dos proxectos titorizados, o profesorado colaborador deberá elixir os mellores proxectos co fin de que sexan incluídos na selección que realizará o Comité de Valoración para a participación na Feira de Ideas.

Base sexta: Concurso - Premios “Formación para Emprender”

a) Da preselección

Os proxectos preseleccionados polo profesorado dos Centros deberán ser presentados tanto en papel como en formato dixital (CD ou USB) no Departamento de Promoción Económica e Comercio do Concello da Coruña (Centro Municipal de Empresas ACCEDE Papagaio) nunha data a finais do mes de febreiro ou principios de marzo que se comunicará aos Centros ao inicio do curso.

b) Da composición do Comité de Valoración

Constituirase un Comité de Valoración composto como mínimo por dúas persoas do Concello da Coruña, unha en representación do IGAPE e un/unha docente das sesións de formación.

c) Dos criterios de avaliación dos proxectos para participación na Feira e fallo de premios

FEIRA DE IDEAS. En ningún caso poderán ser seleccionados para participar na Feira de Ideas, e por tanto optar aos Premios Formación para Emprender, proxectos que non cumpran os requisitos mínimos de presentación e viabilidade. O Comité de Valoración seleccionará, como máximo, 15 proxectos tendo en conta os seguintes criterios:

1. Orixinalidade da idea
2. Viabilidade do proxecto (técnica, económica e financeira)
3. Innovación e inclusión de novas tecnoloxías
4. Sustentabilidade medioambiental
5. Presentación

Os proxectos seleccionados polo Comité para participar na Feira de Ideas conforme a estes criterios deberán entregar nun USB, no prazo que se lles indicará, e segundo o traballado no “Taller de presentación de proxectos”, unha copia da presentación.

PREMIOS “FORMACIÓN PARA EMPRENDER”. O día de celebración da Feira de Ideas o Comité de Valoración elixirá os **tres mellores** proxectos entre os participantes, levantando acta, engadindo aos criterios xa puntuados o último criterio:

6. Presentación na Feira

O fallo definitivo do comité, coa **puntuación total obtida cos 6 criterios**, farase público na cerimonia de clausura do programa.

Base sétima: Presentación dos proxectos realizados na Feira de Ideas

O día de celebración da Feira os equipos terán a ocasión de presentar libremente e ter expostos na forma e cos medios que consideren máis adecuados os seus proxectos ante o público asistente, podendo contar para iso cos materiais publicitarios, audiovisuais, teatrais... que desexen coa finalidade de conseguir un maior atractivo e atención sobre a súa proposta.



Base oitava: Premios

Os premios serán:

- Premios para os mellores proxectos:
 - 1^{er} premio: cheque regalo de 300€ para cada un dos integrantes do proxecto
 - 2^o premio: cheque regalo de 200€ para cada un dos integrantes do proxecto
 - 3^{er} premio: cheque regalo de 150€ para cada un dos integrantes do proxecto
- Premio ao profesorado:
 - Cheque regalo de 300€ para o/a profesor/a do proxecto gañador do primeiro premio.
- Premio ao centro máis implicado:
 - Cheque regalo de 300€ para o centro educativo máis implicado.

Todos os premios consisten en cheques regalo para gastar nun establecemento comercial da cidade que se indicará.

Base novena: Publicación dos materiais presentados

Os traballos que se presenten aos premios permanecerán no Concello da Coruña para o seu estudo e avaliación por parte do xurado e para a súa presentación na Feira. Con todo, aqueles/as participantes que desexen recuperar os proxectos presentados, deberán solicitálos ao persoal municipal do Departamento de Promoción Económica e Comercio no prazo máximo de seis meses contados a partir do día da cerimonia de clausura. En caso contrario o Concello poderá dispoñer dos mesmos, respectando en calquera caso o disposto legal e regulamentariamente nesta materia.

Base décima: Existencia de crédito

En todo caso, os gastos correspondentes, quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente do ano 2020.

Base undécima: Aceptación das Bases

O feito de participar no programa INICIA implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases.

A Coruña, na data de sinatura electrónica que consta no presente documento

O xefe do Departamento de Promoción Económica e Comercio